

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

ASUNTO: APERTURA DAS OFERTAS ECONÓMICAS PRESENTADAS Ó PROCEDIMENTO CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DUN SERVIZO DE COMIDAS ÓS USUARIOS DO CENTRO DE DÍA “NOVO ANTONIO GANDOY” 2013.-----

Sendo as 12:30 horas do día 4 de outubro de 2013, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida por dona Sonia Méndez García, Concelleira Delegada da Área de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación e actuando como vocais don Angel Trabada, polo Grupo Municipal do Partido Popular, dona Esther Muñoz Mella polo Grupo Municipal do Partido Socialista, don Antón Bao polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, don Luís Casais titular da Asesoría Xurídica, don Marcial Rodríguez Toajas Interventor Municipal, e actuando como secretario da Mesa don Manuel Louzao Aldariz, xefe do Servizo de Contratación.

Atópanse presente no acto dona Ana Mª Soilan Rodríguez, en representación da mercantil Catering As Meigas e don Jesus Lago Monroy en representación da mercantil Serunión S.A.

O secretario da mesa pon de manifesto que a Dona Mª PAZ SOILAN RODRÍGUEZ (CATERING AS MEIGAS) presentou a documentación requirida pola mesa de contratación na sesión celebrada o día 20 de setembro do ano en curso; unha vez examinada polos membros da mesa acordan excluíla da licitación por non considerar suficientemente acreditado o requisito de atoparse clasificada, xa que presenta unha certificación da Subdirección xeral de clasificación de contratistas e rexistro de contratos, no que se pon de manifesto que se atopa en tramitación.

A continuación procedese á apertura do sobre B) que contén a oferta económica, co seguinte resultado:

- **SERUNIÓN S.A.**, propón como prezo do contrato:

- Almorzo: 0,38 euros, máis IVE (0,04 euros) resultando un total de 0,42 euros IVE incluído.
- Xantar: 3,03 euros, máis IVE (0,30 euros) resultando un total de 3,33 euros IVE incluído.
- Merenda: 0,38 euros, máis IVE (0,04 euros) resultando un total de 0,42 euros IVE incluído.

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/cml

Ref^a: SOBRE B)

Asunto: oferta economica

Resultando un prezo unitario total (almorzo, xantar e merenda) de 3,79 euros máis ou 10% do IVE (0,38 euros) resultando un importe total prezo unitario de 4,17 euros IVE incluído.

Á vista do cal os membros da Mesa de Contratación, propoñen como oferta economicamente mais vantaxosa á presentada pola mercantil **SERUNIÓN S.A.**

Así mesmo acordan requirir á sinalada mercantil para que aporte como trámite previo a efectuar a correspondente adxudicación o xustificante de atoparse de alta no IAE, o último de recibo do IAE, certificados de non ter débedas ca Axencia Tributaria e a Tesourería Xeral da Seguridade Social e unha garantía definitiva por importe do 5% do prezo de adxudicación, excluído o IVE.

Sen máis que tratar, dáse por rematada a sesión sendo as 13:00 horas do día anteriormente sinalado.

A PRESIDENTA,

O SECRETARIO,

Asdo.:  Sonia Méndez García

 
Asdo.: Manuel Louzao Aldariz